

Axuda/Subvención: «CreArte» para o fomento da creatividade no ensino infantil, primaria, especial e secundaria nos centros financiados con fondos públicos para o ano 2010

Organismo: Ministerio de Cultura

Obxecto: Recoñecer, destacar e dar visibilidade a aqueles métodos de ensino, proxectos, traballos ou actividades elaborados polos centros máis innovadores, participativos e que contribúan a:

a) promover a actividade creadora dos alumnos en, e a través de, medios expresivos como son a música, a literatura, a fotografía ou calquera outra modalidade das artes plásticas, escénicas ou audiovisuais.

b) promover a posta en valor e o estímulo das capacidades creativas e de innovación dos alumnos aplicada ao proceso de aprendizaxe.

c) educar no respecto aos dereitos de autor.

Preténdese con iso mostrar e difundir actuacións globais exemplares que, habendo innovado e experimentado novos enfoques, poidan inspirar a outros centros educativos no seu desexo de mellorar as súas actuacións.

Beneficiarios:

1. Os Premios «CreArte» están dirixidos aos centros docentes españois sostidos con fondos públicos que imparten os ensinos regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e que corresponden á Educación Infantil, Primaria, Especial e Secundaria.

2. Os centros docentes, para obter a condición de beneficiario, deberán cumprir os requisitos esixidos polo artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Modalidades do premio:

Modalidade A: Métodos de ensino, proxectos, traballos ou actividades realizados en centros financiados con fondos públicos de Educación Infantil.

Modalidade B: Métodos de ensino, proxectos, traballos ou actividades realizadas en centros financiados con fondos públicos de Educación Especial.

Modalidade C: Métodos de ensino, proxectos, traballos ou actividades realizadas en centros financiados con fondos públicos de Educación Primaria.

Modalidade D: Métodos de ensino, proxectos, traballos ou actividades realizadas en centros financiados con fondos públicos de Educación Secundaria Obrigatoria e en Institutos de Educación Secundaria, tanto obrigatoria como posobligatoria (Bacharelato e Formación Profesional).

Os centros candidatos poderanse presentar a máis dunha modalidade. Por cada modalidade só se poderá presentar un único proxecto.

Dotación económica: Estableceranse 40 premios, segundo a seguinte distribución:

Modalidade A: 10 premios de 15.000 euros a centros financiados con fondos públicos de Educación Infantil.

Modalidade B: 10 premios de 15.000 euros a centros financiados con fondos públicos de Educación Especial.

Modalidade C: 10 premios de 23.000 euros a centros financiados con fondos públicos de Educación Primaria.

Modalidade D: 10 premios de 23.000 euros a centros financiados con fondos públicos de Educación Secundaria Obrigatoria e en Institutos de Educación Secundaria, tanto obrigatoria como posobligatoria (Bacharelato e Formación Profesional).

Os colexios premiados serán acreditados polo Ministerio de Cultura como «Centro educativo Creativo».

Presentación de solicitudes: Os centros que desexen participar na convocatoria deberán enviar a súa solicitude, que se axustará ao formulario que se publica como anexo I e que se xerará por vía telemática na páxina web do Ministerio de Cultura, www.mcu.es no apartado Atención al Ciudadano «Becas, ayudas y subvenciones», antes do 30 de agosto de 2010, acompañada da memoria e do resto da documentación que se solicita, á Subdirección General de Promoción de Industrias Culturales Fundaciones y Mecenado, Plaza del Rey, n.º 1 (28071 Madrid).

As solicitudes deberán presentarse:

a) A través do Registro Electrónico del Ministerio de Cultura: (<http://www.mcu.es/rexistro>). Neste caso, a solicitude cumprimentarase coa aplicación informática preparada ao efecto, sempre que se posúa un certificado dixital dalgunha das autoridades recoñecidas como emisoras de tales certificados.

b) No Registro General do Ministerio de Cultura (Plaza del Rei, 1, 28071 Madrid).

c) Nas Delegacións e Subdelegacións do Goberno.

d) Nas Oficinas de Correos de España (co sobre aberto para que poida ser selado o seu interior, do modo que se indicará nas propias oficinas de correos).

e) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España, para as solicitudes que se envíen desde o estranxeiro. Deberá figurar na solicitude o selo de entrada nas mesmas, que determinará a data de presentación da instancia.

f) No Rexistro Xeral da Xunta de Galicia ou en calquera das súas delegacións territoriais.

g) No Rexistro Municipal do Concello de Cambre

Prazo de presentación: do 16 de marzo ao 30 de agosto de 2010, ambos os incluídos.

Publicación: BOE nº 64 Luns 15 de marzo de 2010

Máis Información: [B.O.E.](#)

Ministerio de Cultura, www.mcu.es, apartado Atención ao Ciudadán «Bolsas, axudas e subvencións».
Centro de Información al Ciudadano: Plaza del Rey, 1
28004 Madrid Teléfono: 91 701 74 81 - 902 55 55 00 Fax: 91 701 73 52